

02

A emerxencia do discurso lingüístico galego no século XIX: un texto inédito de Xoán Manuel Pintos

Ricardo Axeitos

Resumo_ No presente artigo publicamos o texto inédito dun breve opúsculo lingüístico procedente do fondo documental de Manuel Murguía custodiado no arquivo da Real Academia Galega. Aínda que no manuscrito, un prego de catro follas, non se indica nin o nome do autor nin a data de composición, pretendemos demostrar que o seu autor foi Xoán Manuel Pintos. Amais, explicamos que foi composto a mediados do século XIX e que o historiador Manuel Murguía o empregou como fonte para un dos apartados do primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*. Finalmente facemos unha pequena análise do seu contido e do lugar que ocupa na historia da lingüística galega do oitocentos.

Palabras chave_ Xoán Manuel Pintos; Manuel Murguía; lingüística galega; Rexurdimento.

Sumario_ 1. Introducción. 2. O prego manuscrito. 3. A descrición da lingua galega nas consideracións xerais da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía. 4. A data e lugar de redacción do opúsculo. 5. A identificación da letra. 6. Comparación do contido do opúsculo co texto da *Gaita Gallega*. 7. Conclusións. 8. Fontes documentais. Referencias bibliográficas. Anexo.

The emergence of the Galician linguistic discourse in the 19th century: an unpublished text by Xoán Manuel Pintos

Abstract_ In this article we intend to publish the text of a short linguistic work from the documentary collection of Manuel Murguía kept in the archives of the Royal Galician Academy. Although the manuscript does not indicate the name of the author or the date of composition, we intend to prove that its author was Xoán Manuel Pintos. Moreover, we will explain that it was composed in the middle of the 19th century and that the historian Manuel Murguía used it as a source for one of the sections of the first volume of his *History of Galicia*. Finally, we do a small analysis of its content and the place it occupies in the history of Galician linguistics in the nineteenth century.

Key words_ Xoán Manuel Pintos, Manuel Murguía, Galician linguistics, Rexurdimento.

Contents_ 1. Introduction. 2. The handwritten contract. 3. The description of the Galician language of the general considerations of the *Historia de Galicia* by Manuel Murguía. 4. The date and place of writing. 5. The identification of the letter. 6. Comparison of the contents of the booklet with the text of the *Gaita Gallega*. 7. Conclusions. 8. Documentary sources. Bibliographic references. Annex.

1.**Introdución**

Entre os papeis do fondo documental de Manuel Murguía que custodia a Real Academia Galega¹, consérvase un prego manuscrito que nas súas catro follas ofrécenos un interesante opúsculo lingüístico sobre a lingua galega². O manuscrito non indica nin o nome do seu autor nin o contexto que puido rodear a súa creación. Mais, grazas a toda unha serie de coincidencias textuais, podemos desvelar que foi empregado como fonte para a descrición da lingua galega que Murguía incluíu nas consideracións xerais que inician o primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*, publicado en 1865. Por outra banda, en base a certas evidencias e coa confirmación que nos achega unha pequena análise caligráfica, tamén podemos revelar a identidade do seu autor, que non foi outro que o escritor pontevedrés Xoán Manuel Pintos.

No presente artigo, pois, ademais de identificarmos unha das fontes que Murguía empregou para a elaboración da súa gran obra historiográfica, tamén pretendemos dar a coñecer este texto inédito de Xoán Manuel Pintos. Amais, polas datas nas que foi redactado, mediados do século XIX, pola relevancia do seu autor e polo seu contido, pensamos que a súa publicación³ tamén pode resultar de interese para a historia da lingüística galega oitocentista. Mais comecemos cunha pequena descrición do documento.

2.**O prego manuscrito**

Como queda dito, este opúsculo, escrito en castelán, non rexistra indicacións sobre a súa autoría nin sobre a data exacta en que foi redactado. Ocupa completamente as catro páxinas dun prego de papel vergé, mais que non presenta marcas de auga. Polo tipo do papel e a feitura da letra a súa produción pode situarse entre mediados e finais do século XIX, por máis que, a partir doutros datos, podemos afinar a súa datación entre a década de 1850 e a de 1860.

Canto ao seu contido, despois dunha breve mención da orixe latina do galego o texto fai un mínimo percorrido polas principais características lingüísticas que o individualizan tanto respecto do castelán como da orixe común de ambas as dúas linguas, o latín. Nesta especie de bosquejo de descrición lingüística do galego, o seu autor, ademais, segue os apartados clásicos da gramática tradicional ao fixarse en cuestións fonéticas, morfolóxicas e léxicas.

Comeza, pois, coa afirmación de que o galego foi o primeiro idioma derivado do latín que se “cultivó” en España. A continuación explica a orixe latina do galego e do castelán cos exemplos da evolución (explicada en termos de “conversión” e “conservación”) nas dúas linguas do *o* tónico latino e do grupo consonántico *pl-* en posición inicial; a non conservación da declinación e conxugación latinas e as diferentes “terminacións” dos

1 Como é ben sabido, o arquivo de Manuel Murguía, ou ao menos unha parte del, por mediación de Gala Murguía e de Juan Naya, quen foi arquivista-bibliotecario da Academia durante moitos anos, quedou baixo a custodia da institución (Barreiro, 2012: 870). Pódese percibir facilmente a importancia deste fondo documental só mirando os catro tomos da correspondencia de Murguía publicados grazas ao esforzo de Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos (2003, 2005, 2018-2019).

2 Arquivo da Real Academia Galega (ARAG) 1857-[191-].

3 Incluímos a transcripción do texto do prego como anexo ao final do artigo xunto coa reprodución fotográfica do prego manuscrito.

infinitivos e xerundios (enfrenta as tres terminacións do castelán a catro en galego: *-ar, -er, -ir* e *-or*⁴). Logo pasa a explicar as diferentes desinencias para as formas da segunda persoa do plural do presente de indicativo e da terceira persoa do plural do pretérito de indicativo galegos. Continua recollendo o carácter distintivo en galego da apertura das vogais medias en posición tónica. Pasa logo a mencionar as principais características distintivas do sistema dos pronomes persoais galegos e, despois de facer unha mención da “repugnancia” do galego aos sons “guturais”, remata cunha defensa da ortografía etimolóxica para notar o fonema fricativo prepalatal xordo.

3.

A descrición da lingua galega nas consideracións xerais da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía

Manuel Murguía inicia o primeiro tomo da súa *Historia de Galicia* cunhas longas “Consideraciones generales” en que debuxa unha descrición xeral da xeografía, poboación, costumes e cultura de Galicia. Dentro delas, dedica todo un apartado a trazar a historia lingüística de Galicia e falar da orixe da nosa lingua⁵. Neste último apartado, entre as páxinas 278 e 281, resume as principais diferenzas entre o castelán e o galego partindo da súa orixe latina. O exposto nesta parte da obra coincide non só nas súas liñas xerais co contido do noso opúsculo senón que mesmo o historiador reproduce literalmente partes do seu texto. Porén, tamén en certos puntos o amplía.

En efecto, o texto do historiador e intelectual galego, na páxina 278, explica a orixe do galego e do castelán para o que repasa unha serie de diferentes modificacións das “voces latinas”⁶ e recolle varios exemplos de “mudanzas” no eido da fonética. Aínda que comenta as mesmas mencionadas no opúsculo (o caso dos diferentes resultados do *o* tónico e do grupo *pl-* inicial) tamén cita outros casos tanto do vocalismo como do consonantismo⁷. Igualmente, coincide en mencionar o característico fonema fricativo prepalatal xordo do galego, mais neste caso sen arriscar defensa ningunha dunha posible ortografía etimolóxica para este son galego⁸.

Pasa despois a falar das características morfolóxicas con notables coincidencias co texto do opúsculo. Explica Murguía, igualmente, as diferenzas entre galego e castelán no terreo da conxugación verbal facendo a mesma exposición sobre as tres terminacións do castelán fronte ás catro do galego; comenta, tamén, as desinencias galegas para a P5 do presente de indicativo e para a P6 do pretérito de indicativo, a oposición entre vogais medias tónicas e, ao fin, os pronomes persoais. Mais as coincidencias neste punto entre ambos os textos non son só temáticas pois chegan ao literal. Non hai máis que comparar as pasaxes:

- 4 O autor recolle a vella regra gramatical de identificar as conxugacións verbais regulares por medio das terminacións do infinitivo en *-ar, -er* e *-ir*, ás que engade no caso galego a forma en *-or* do verbo irregular *pór*. Sen dúbida, ao mencionar esta cuarta terminación de infinitivo, Pintos non pretende defender a existencia no galego dunha cuarta conxugación, senón resaltar as diferenzas entre o galego e o castelán. Nas consideracións xerais da súa *Historia de Galicia*, Murguía recolle literalmente as palabras do poeta pontevedrés sobre esta cuarta forma de terminación verbal en galego. Posteriormente, na súa gramática galega Cuveiro Piñol (1868: 14) si propuxo a existencia desta cuarta conxugación. Que saibamos, foi o único que así fixo e, probablemente, a orixe desta idea tan pouco axeitada estea precisamente no texto do historiador, que o propio libreiro pontevedrés resume na introdución desta obra (Cuveiro Piñol, 1868: XI-XIV).
- 5 Titúlase “Dialecto, sus orígenes, su formación, causas de su decadencia” (Murguía, 1865: 260-295).
- 6 Significativamente, Murguía resalta, a diferenza do noso texto, o influxo do substrato e das “leyes gramaticales de sus antiguos dialectos” nos diferentes tipos de modificacións que o galego e o castelán aplican ao latín. Lembremos que nas páxinas anteriores “cando relata a historia lingüística galega,” incide na orixe celta da poboación.
- 7 O historiador menciona no texto algunha das outras fontes coas que ampliou o recollido no opúsculo: o prólogo de Mariano Cubí a *Ensayos poéticos en dialecto berciano* de Antonio Fernández Morales (1861) e a introdución de José Caveda y Nava (1839) á súa antoloxía de poesía asturiana, obra que tamén aparece mencionada no noso opúsculo.
- 8 Murguía, moi prudentemente, tan só comenta que para representar graficamente este fonema “hemos usado varias veces de la letra x” (Murguía, 1865: 280).

Los verbos en castellano solo terminan de tres modos, en *ar, er, ir*, como amar, comer, partir, y de estas terminaciones solo sacan *dos* gerundios en -ando y en -endo para todos los verbos. Los gallegos terminan los suyos de *cuatro* modos, en -ar, en -er, en -ir, y en -or como amar, comer, partir, compór, y con rigurosa analogía deducen *cuatro* gerundios en ando, en *endo*, en *indo*, y en *ondo*, como andando, comendo, partindo, compondo. Algunos verbos tienen en gallego dos infinitivos, y de consiguiente dos gerundios v. g., *facer o far, decir o dir, poñer o pór* (Opúsculo lingüístico de Pintos).

Terminan los verbos castellanos en *ar, er, ir*; amar, leer, decir, y de estas terminaciones sacan dos gerundios en *ando* y en *endo*, como amando, leyendo, diciendo. Por su parte, los verbos gallegos terminan en *ar, er, ir y or*, como amar, comer, partir, compor, y con rigurosa analogía, deducen cuatro gerundios, en *ando, endo, indo y ondo*, como amando, comendo, partindo, compondo, con lo cual se comprende fácilmente la ventaja que en esto lleva al castellano. Pero aun hay mas: algunos verbos tienen en gallego dos infinitivos, y de consiguiente dos gerundios, v. gr., *facer o far, dicir ó dir, poñer o por* (Murguía, 1865: 280).

La segunda persona de plural del presente de indicativo varía de dos o tres modos v. g. *facedes o facés, tendes, tedes, o tés, vindes, vides o vés*. La tercera del plural del pretérito perfecto de indicativo tiene dos variaciones v. g. *foron, o fono, dixeron, o dixeno, levaron, o levano*. (Para continuar en esto es preciso escribir mucho). El acento grave y agudo no solo varía la modulación o música del lenguaje, sino que hace significar diferentes cosas v. g. óso, es el animal y òso, es hueso. Avó es abuelo, y Avò es abuela. Préto, es prieto y prèto es cerca etc. E vòs quen sós? Y vos quien sois? (Opúsculo lingüístico de Pintos).

La segunda persona del plural del presente de indicativo varía de dos ó tres modos, cual se advierte en *facedes ó facés; tendes, tédes ó tés; vindes, vides ó vis* [sic]. La tercera de plural de pretérito perfecto de indicativo, tiene tambien dos variaciones, como *foron ó fonon; dixeron ó dixeno; levaron ó leváno*. Iríamos más allá de nuestro intento, si siguiésemos en esta tarea; basta con lo dicho y con añadir, que el acento grave o agudo, no solo varía la modulación ó fonética del lenguaje, sino que dá diferente significado á las voces en que se emplea: óso, oso, no es lo mismo que òso, hueso, ni *préto*, negro, igual a *prèto*, cercano (Murguía, 1865: 180-181).

Las personas o pronombres personales son eu, ti, él, plural *nòs, vòs éles* (nótese que éles con acento agudo es diferente de èles con acento grave pues estas son las letras l). Por *en a* (en la) dicen los gallegos, por en o = nó, etc. El equivalente al caso oblicuo *te y le*, es *che y lle*. Se usa de *che* para el dativo, hablando como segunda persona v. g. *Eu che farei ben* (Yo te haré bien). Si es acusativo se usa de *te* v. g. *querote muito* (mucho te quiero). Se usa de *lle* hablando con tercera persona v. g. *Preguntoume si a quería e dixenlle que si*. También se emplea cuando se dirige a una persona superior v. g. *Digolle mi má que è certo* (Dígole mi madre que es cierto). Se oye *cha, cho, lla, llo, chos, llos* etc., etc. y es preciso entender que van unidos el afijo en dativo con el acusativo v. g. *Eu cha darei* (Yo te la daré). *Eu lla darei* (Yo se la daré) equivale el *cha* a *che a*, y debe escribirse con apóstrofe así; *ch'a*. Se descomponen las demás por este estilo (Opúsculo de Pintos).

Los pronombres personales son *eu, ti, el*, plural *nòs, vòs, éles*. Por *en a*, dicen los gallegos *na*, por en o, *no*, etc. El equivalente al caso oblicuo *te y le*, es *che y lle*. Se usa de *che* para el dativo, hablando con segunda persona, v. gr. *Eu che farei ben*, yo te haré bien: en el acusativo se usa de *te*, como en *Querote muito*, mucho te quiero, y se emplea el *lle* hablando con tercera persona, de esta manera: *Preguntoume si á quería, é dixenlle que si*, preguntóme si le quería y me dijo que si. Tambien se emplea cuando nos dirigimos á nuestros superiores como en *Digolle mi má qué certo, madre dígole que es cierto*. Debe advertirse que se oye *cha, cho, lla, llo, chos, llos*, y es preciso advertir que van unidos al afijo en dativo con el acusativo, v. gr. *Eu cha darei, yo te la daré; eu lla darei, yo se la daré* (Murguía 1865: 281).

4.

A data e lugar de redacción do opúsculo

Como vemos, é evidente que Manuel Murguía empregou o noso opúsculo como fonte para a redacción da súa descrición da lingua incluída nas consideracións xerais do primeiro volume da súa *Historia de Galicia* publicado en 1865. Deste xeito, podemos considerar este ano como data *ante quem* para a creación do manuscrito.

Por outra banda, sábese que Murguía concibiu a idea de elaborar a súa *Historia de Galicia* a finais da década de 1850, pois xa nos anos 1856 e 1857 publicou varios artigos no xornal vigués *La Oliva* nos que desenvolvía o que sería o plan xeral da súa gran obra historiográfica (Barreiro Fernández, 2012: 276-277). Esta referencia cronolóxica ben pode servirnos como marxe temporal *post quem* para o noso manuscrito.

Este espazo cronolóxico de entre finais da década de 1850 e a primeira metade da década de 1860, no que podemos situar a redacción do opúsculo, permítenos, ademais, clarear unha curiosa nota escrita na marxe superior esquerda da primeira páxina do prego: “Hace años que he leído en Pontevedra una colección de poesías asturianas que me proporcionó el cura de Lerez. Eran algunas muy buenas. Yo no las tengo”.

En primeiro lugar, a colección referida, debe de tratarse da *Colección de poesías en dialecto asturiano* publicada por José Caveda en 1839, xa que cadra coas marxes cronolóxicas en que podemos situar o manuscrito. En realidade, esta obra e unha reedición ampliada da mesma que publicou Fermín Canellas en 1887 son as únicas antoloxías poéticas en asturiano publicadas ao longo do século XIX (Ramos Corrada, 2002: 207). Por suposto, a edición de 1887 é demasiado tardía para poder corresponderse coa obra citada nesta nota marxinal. Lembremos, ademais, que esta antoloxía, como vimos, foi mencionada por Murguía como unha das fontes das súas observacións sobre a lingua galega.

Canto á identidade do “cura de Lerez”, as datas en que situamos a creación do noso manuscrito coinciden ben coa presenza na parroquia de Lerez do sacerdote exclaustrado Leandro Hevia González. En 1835, despois da supresión do mosteiro de Lerez polas leis desamortizadoras, foi el quen se fixo cargo da parroquia, posto no que permaneceu até 1863, ano da súa morte. Don Leandro era natural de Nembro, parroquia do concello asturiano de Gozón e de posibles tendencias liberais progresistas⁹. A ascendencia asturiana de Leandro Hevia tamén fai del un bo candidato a ser a orixe do préstamo da antoloxía mencionada ao autor do noso texto.

Finalmente, o dato máis relevante que esta nota nos ofrece é a pertenza do autor do opúsculo ao entorno pontevedrés. Precisamente nas décadas de 1850 e 1860, houbo varios intelectuais vinculados á cidade do Lerez que produciron ou traballaron nalgún tipo de obra gramatical galega.

En primeiro lugar, temos de citar a Xoán Manuel Pintos, o cal na súa *Gaita gallega* deixounos unha descrición da nosa lingua ademais de ser o autor dun primeiro vocabulario galego editado xunto á *Gaita*. Alén disto, temos a confirmación de que Pintos e Leandro Hevia tiveron unha relación directa grazas a un protocolo notarial conservado no Arquivo Provincial de Pontevedra. Neste documento, asinado ante o notario Valentín García Escudero o 12 de xaneiro de 1861, o escritor redimía a pensión dunha casa sita en Pontevedra a favor do párroco de Lerez (Vázquez-Rey, 2021: 4). Mais tamén podemos mencionar o autor de *El habla gallega* (1868) e dun *Diccionario gallego* (1876), Juan Cuveiro Piñol, dono entre 1840 e 1867 dunha librería en Pontevedra. Por outro lado, temos o pontevedrés José Rodríguez Seoane, do cal sabemos que proxectaba elaborar unha gramática

9 Sánchez Cidrás (2018: 20) menciona o seu encarceramento en 1848 acusado de conspirar xunto a outros progresistas co gallo do regreso do exilio do xeneral Espartero.

histórica galega que non chegou a rematar por mor da súa morte en 1860 con só 21 anos (Rodríguez Seoane, 1889: XVI-XVII; Barreiro Fernández & Axeitos, 2003: 139, n. 292). Finalmente, está o caso de Juan Antonio Saco Arce, o cal, antes de trasladarse a Ourense e de publicar a súa gramática galega en 1868, residiu entre os anos 1858 e 1863 en Pontevedra de cuxo instituto foi profesor (Martínez González, 2018: 427).

Calquera destas persoas, vinculadas todas elas á cidade de Pontevedra e interesados na gramática da nosa lingua, podía ser un posible redactor do noso opúsculo. Mais, despois dunha detida análise da letra e do contido do manuscrito, podemos afirmar que o autor do mesmo foi o primeiro da nómina, o ilustre escritor Xoán Manuel Pintos.


5.

A identificación da letra


Por máis que toda persoa ten uns trazos de escritura individuais, non sempre é fácil individualizalos. Na identificación da caligrafía particular dunha persoa inflúen circunstancias diversas, como a posibilidade de contar cunha mostra o suficientemente ampla, a presenza na escrita de trazos ben recoñecibles ou mesmo a habilidade do analista. Sen sermos peritos calígrafos, neste caso pensamos que hai elementos suficientes para atribuír a autoría deste texto ao poeta pontevedrés.

Cofecemos a letra de Xoán Manuel Pintos grazas a conservación de diversos autógrafos, desde manuscritos da súa obra até correspondencia asinada por el. Para o noso caso eliximos como termos de comparación ás cartas da man do autor conservadas no arquivo da Real Academia Galega. A correspondencia é un tipo de documentación cuxa autoría normalmente non ofrece dúbidas grazas á facilidade que ofrece aos investigadores para recoller información contextual clarificadora. Mais, como termo de comparación, tamén tivemos en conta mostras da letra dos outros posibles autores do texto, antes enumerados, José Rodríguez Seoane, Juan Cuveiro e Saco Arce, aos que engadimos Manuel Murguía, ao fin propietario final do documento. Para todos eles, igualmente, empregamos como mostra documentos epistolares.

A continuación ofrecemos fragmentos tanto do escrito do noso opúsculo como da man de todos estes autores:




Novo opúsculo lingüístico.




Hace unos dos meses que mi cuñada D.
Amora Amado pasó a Santo a sufrir examen de
maestra Superiora y fue despachada a satisfacción
pero al examinar el exped. en Madrid pasaron
vixaro diciendo que no se observaran los artículos
20 y 21. del reglam. ni se tuviera presente el 45.

Carta de Xoán Manuel Pintos a Antonio de la Iglesia, 12-XII-1857 (ARAG, 1857-XII-6).




Mi querido amigo; despues de contarme Ro-
salía el atentado de q. fue victima por parte
de la coliga q. vivan al lado de casa, me da la
consoladora noticia de q. tanto V como mi buen
amigo It. Itguirre, llamaron a sus favor.

Carta de Manuel Murguía a Ángel Baltar, 23-XI-1883 (Arquivo FRC, 1883-XI-23).




Compañel me habló de matriculas
a V. en Diplomática - Como es preciso
se el examen no sera' posible, pero
avisare' a los catedráticos y sera' pro-
bable que le permitan a V. hacerlo
aunque se retrase algunos dias.
Envio ese cuento que aun no ha
sido publicado en Galicia

Carta de José Rodríguez Seoane, 23-IX-1859 (ARAG, 1859-IX-23).



La de Basenka que así la lee
tambien Saulcy dice que es selquis
de los Vascones. Boudard la lee
así - Btmeska - Betemeskin-g.
quiera decir Beteme o Betume
sus signos son estos Δ↑MEL&N
¿No queda ser de Britania (hoy
Mondaner?)

Carta de Juan Cuveiro Piñol, 10-IX-1865 (ARAG, 1865-IX-10).









Voy á publicar muy en breve, Dios
mediante, una gramática gallega, libro
cuya necesidad ha sido oportunamente
reconocida por V. en la introducción
de su apreciable Historia de Galicia.



Carta de Xoán Antonio Saco Arce, 26-X-1867 (ARAG, 1867-X-26).





Unha comparación rápida entre estes textos permítenos identificar con facilidade as diferenzas entre a letra de Rodríguez Seoane, a de Manuel Murguía e a do noso texto. Especialmente rechamantes, no caso de Rodríguez Seoane, son as diferenzas no tamaño dos ollos das letras e a súa tendencia a rematar as palabras cun trazo ascendente que tende a envolver a palabra. Tamén a acusada identidade da letra de Murguía permítenos ver con facilidade as diferenzas.

Máis dúbidas pode ofrecer o resto de casos; porén, se atendemos á forma das letras, as diferenzas quedan claras así como a evidente relación entre a letra do noso opúsculo e a de Pintos. A continuación ofrecemos un par de exemplos coas letras G e H maiúsculas, moi características da caligrafía do autor da *Gaita gallega*:

Mostra do opúsculo	X. M. Pintos
	ARAG (1857-IX-23)
	

Manuel Murguía	Rodríguez Seoane	Cuveiro Piñol	Saco Arce
AFRC (1905-V-22)	ARAG (1859-IX-6)	ARAG (1865-IX-10)	ARAG (1867-X-26)
			

Mostra do opúsculo	X. M. Pintos
	ARAG (1857-XII-6)
	

Manuel Murguía	Rodríguez Seoane	Cuveiro Piñol	Saco Arce
AFRC (1909-XII-31)	ARAG (1860-VI-18)	ARAG (1865-IX-10)	ARAG (1867-X-26)
			

6.

Comparación do contido do opúsculo co texto da *Gaita Gallega*

Se a análise das caligrafías xa apunta claramente á autoría do escritor pontevedrés, esta, igualmente, queda confirmada de compararmos o contido do opúsculo lingüístico co exposto por Xoán Manuel Pintos sobre a lingua galega e a súa orixe na súa obra *A Gaita Gallega*.

De certo, tanto na *Gaita gallega* como no noso texto propónse o emprego dos acentos grave e agudo para marcar o grao de abertura das vogais medias. Téñase en conta que sobre este punto os traballos gramaticais galegos do século XIX sobresaen pola pluralidade de propostas; porén, a proposta do uso dos dous tipos acentuais só se atopa en Pintos, nun texto de Martínez Salazar de finais do século (González Seoane, 1992: 181) e nos *Elementos de Gramática Gallega* de Marcial Valladares (1892; Fernández salgado 2012: 361).

Existe outra coincidencia relevante entre ambos os textos no caso da proposta ortográfica para a representación gráfica do fonema fricativo prepalatal xordo. Como é sabido, Pintos defendía o emprego dos grafemas <j>, <g> ou <x> segundo criterios etimolóxicos, tal e como se fai no noso opúsculo. Mesmo os exemplos que aparecen no texto son os mesmos recollidos na *Gaita gallega* así como noutros textos do pontevedrés: *gente* (Pintos, 1857 [1853]: 70), *genro* (Pintos, 1857 [1853]: 82, 2000: 101), *rugir* (Pintos, 1857 [1853]: 92, 2000: 154), *gesta* (Pintos, 1857 [1853]: 82; 2000: 102), *jugo* (Pintos, 1857 [1853]: 70, 82; 2000: 109), *gemer* (Pintos, 1857 [1853]: 82; 2000: 101) e *fugir* (Pintos, 1857 [1853]: 81).

Pero, sen dúbida, o máis significativo son os erros etimolóxicos que contén o noso texto e que coinciden cos que Pintos cometeu no vocabulario etimolóxico da *Gaita gallega*. Efectivamente, no opúsculo a palabra galega *xastre* remóntase ao étimo latino *sutor*, erro notable se temos en conta que o correcto, *sartor*, xa aparece identificado non xa en Sarmiento, senón tamén no *Diccionario latino-español* de Nebrija ou no *Diccionario de autoridades* da Real Academia Española. Mesmo no seu dicionario galego, Francisco Javier Rodríguez acerta co étimo *sartore*¹⁰. Idéntico erro atopamos na *Gaita gallega* (1857 [1853]: 96). Outra gralla témola no caso de facer derivar *rugir* dun *rugere* inexistente en latín, lingua na que este verbo pertencía á conxugación de tema en *-i* longo, sendo pois a forma correcta, *rugire*. É verdade que neste caso a forma do noso opúsculo podería deberse a un mero *lapsus calami* do autor¹¹, mais na *Gaita gallega* repítese o erro (Pintos, 1857 [1853]: 92)¹².

Estas son as coincidencias máis significativas. Porén, podemos engadir que contamos co feito de que non existen diverxencias entre o opúsculo e a obra de Pintos que suxiran unha autoría diversa.

7.

Conclusiones

Despois deste pequeno percorrido polos datos que fomos quen de xuntar sobre este pequeno texto lingüístico inédito até o momento, pensamos que podemos afirmar cun grao razoable de seguridade: primeiro, que foi empregado polo seu último propietario, Manuel Murguía, para redactar a descrición da lingua galega contida no primeiro tomo da súa *Historia de Galicia*; e, segundo, que o seu autor foi Xoán Manuel Pintos, quen o debeu de redactar entre as décadas de 1850 e 1860. Quedaría por clarexar, a motivación de Pintos para redactar este texto e como chegou ao historiador.

Para a elaboración do seu gran traballo historiográfico, Manuel Murguía non só recorreu a numerosas fontes documentais, mais tamén se serviu dunha abondosa rede de colaboradores e informantes, reunida entre amigos e coñecidos como, por citar algún nome, Paz Novoa, Álvarez Villamil, Cuveiro Piñol, Segade Campoamor etc. (Barreiro Fernández, 2012: 287). Disto temos unha boa testemuña no seu epistolario, editado por Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos (2003-2005, 2018-2019), así como polos numerosos apuntamentos e notas que aínda se poden consultar no fondo documental da Real Academia Galega. Por desgraza, non conserva-

10 Un dicionario elaborado polo seu autor con moito entusiasmo, mais que contén numerosas fallas lexicográficas como demostrou con moito tino o profesor José Luís Pensado nunha monografía dedicada á análise desta obra (Pensado, 1976).

11 Por exemplo, no noso texto emparéllase *queixo* cun *casseus* que non existe en latín, lingua na que a forma correcta desta palabra era *caseus*. De feito, na *Gaita gallega* recóllese a forma latina correcta (Pintos, 1853: 91).

12 Polo demais, todo indica que Pintos, para crear a listaxe de palabras galegas procedentes doutras latinas que introduce na *Gaita*, limitouse a buscar equivalencias entre o léxico galego e o latino, baseándose en parecidos formais e semánticos e sen pararse a analizar, por suposto, posibles evolucións fonéticas de cuxo concepto aínda estaba moi lonxe. Isto lévao a cometer diversos erros como derivar *ajuntar* de *adjungere* (Pintos, 1853: 72) ou *derrubar* de *deruere* (Pintos, 1853: 78), por exemplo. Mesmo ás veces fállalle o seu latín, como cando menciona un inédito *alaudare* (Pintos, 1853: 72) ou como, dun xeito similar ao *rugere* que comentamos, inventa un *carpire* cando a forma latina correcta era *carpere* (Pintos, 1853: 75).

mos cartas entre Murguía e Pintos nin temos ningunha mención explícita de que o historiador recorrese a el para solicitarlle o texto que publicamos, mais, nas mesmas consideracións xerais que encabezan o volume da *Historia de Galicia* nas que atopamos a reprodución parcial do noso texto, o historiador recoñece o valor que lle concede aos coñecementos lingüísticos de Pintos:

Nada diremos de los que sin conocerle, se atreven á hablar de él lo que les parece, sino de aquellas personas, que por ser grandes conocedoras de nuestro dialecto, merecen todo respeto y veneracion. Entre otras, citaremos al Sr. D. Juan M. Pintos, á quien debemos grandes indicaciones respecto á la gramática de nuestro dialecto, y que en un discurso que nos ha leído, sostiene el origen latino del gallego (Murguía, 1865: 172, nota).

No texto manuscrito que aquí damos a coñecer, non se aprecia ningunha indicación discursiva sobre o seu xénero, nin sobre o motivo da súa redacción ou o(s) posible(s) destinatario(s). Ben pode tratarse dun artigo ou dunhas notas para unha conferencia. Mesmo non está claro se se trata dun texto final ou dun borrador, por máis que certas suspensións cortantes do texto por medio de etcéteras apuntan máis ben a isto último. Porén, se nos fixamos de novo na nota marxinal comentada máis arriba, a súa redacción parece suxerir que o seu autor a dirixe a unha persoa coa que mantén algún tipo de relación persoal de xeito que non necesita precisar a obra á que se refire nin o nome do “cura de Lérez”, pois sabe que o destinatario xa coñece estes datos.

